

ANEXO III

Ref. convocatoria: 2022/CP/166

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta-Universidades			
Título: "Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento dos servizos xerais de apoio á investigación"			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Técnico/a de proteómica			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/01/2020	FIN: 31/12/2022	
CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía			
OBJECTO DO CONTRATO: Colaborador/a nas tarefas do convenio de investigación que se indica. Técnico/a de proteómica.			
LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía - Luns a venres de 7:45-15:15 h			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a	<input type="checkbox"/>	Investigador/a en formación	<input type="checkbox"/> * Require matrícula programa doutoramento SUG
Técnico/a de apoio á investigación	<input checked="" type="checkbox"/>	Axudante de apoio á investigación	<input type="checkbox"/>
Técnico/a administrativo/a	<input type="checkbox"/>	Axudante administrativo/a	<input type="checkbox"/>
XORNADA:	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/11/2022
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido <input checked="" type="checkbox"/>	Duración determinada: <input type="checkbox"/>	DATA FIN CONTRATO:
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.197,46 € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0500442022 541A 6400000			

*O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Licenciado/a ou graduado/a
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 10 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Jaime Rodríguez González, M ^a Isabel González Siso e Fco. Javier Blanco García. Suplentes: Elena Pazos Chantreiro e Carlos Jiménez González.
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña, 16 de setembro de 2022
O INVESTIGADOR PRINCIPAL
Asdo.: Salvador Naya Fernández
Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	b/bvV09NSOwtGkd6u9Bb4w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	16/09/2022 10:51:39
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/b/bvV09NSOwtGkd6u9Bb4w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O CICA, o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas, nace no seo da Universidade da Coruña (UDC) en 2015 co obxectivo de reunir grupos de alto impacto en química e bioloxía, favorecendo un modelo de investigación interdisciplinar e cooperativa.

Desde o 26 de outubro de 2021, é oficialmente acreditado como centro de investigación da UDC e cambia o seu nome estendido a Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía, conservando o seu acrónimo. Como consecuencia da súa reestruturación, queda constituído por 30 grupos de investigación que se organizan baixo tres áreas estratéxicas: i) Biomedicina, ii) Alimentación, Contaminación e Saúde, e iii) Nanociencia e Novos Materiais.

A especialización do centro, a expansión dos grupos e a incorporación de investigadores e investigadoras fan que existan no centro diversos equipamentos/infraestruturas que poidan satisfacer as necesidades dos grupos para as investigacións que realizan nos seus proxectos. Algunhas investigacións requiren técnicas relacionadas coa proteómica e o manexo dun equipamento altamente sensible por parte dun/unha técnico/a especializado/a na materia.

a. As tarefas máis importantes a realizar, entre outras, serán:

- Realización de servizos de proteómica a grupos do CICA.
- Preparación de mostras para a súa análise proteómica.
- Colaborar no uso e mantemento do equipamento de nanocromatografía e espectrometría de masas. Calibrar os equipos, resolver incidencias, preparación e xestión das mostras para as análises proteómicas.
- Implementación de estándares de calidade nos fluxos de traballo.
- Implementación de novas estratexias proteómicas utilizando espectrometría de masas de alta resolución.
- Participación na posta a punto de técnicas de proteómica dirixida.

b. Requisitos e experiencia valorable do/a candidato/a

- Persoa que posúa unha licenciatura ou grao en titulacións de ciencias da saúde, científicas ou técnicas.
- Posta a punto de diferentes técnicas de preparación de mostras humanas e non humanas (rato, porco, can...) e en diferentes matrices (soros, líquido sinovial, corazón, cartilaxe, pel, graxa...) para a súa análise proteómica mediante cromatografía líquida acoplada a espectrometría de masas.
- Cuantificación e extracción de proteínas.
- Limpeza das mostras proteicas mediante técnicas cromatográficas de extracción en fase sólida (zip-tips, stage column, amicones...).
- Cromatografía líquida, particularmente nanocromatografía e espectrometría de masas de alta resolución Q-TOF (TIMS-TOF).
- Desenvolvemento de métodos de cromatografía líquida e espectrometría de masas para a análise de proteínas en diferentes mostras.
- Aplicación da espectrometría de masas para a procura de biomarcadores como dianas terapéuticas en diferentes enfermidades (cancerixenas, cardiovasculares, reumáticas, autoinmunes...).
- Coñecementos en técnicas emerxentes en proteómica utilizando a espectrometría de masas (DDA, DIA...) e en cuantificación de proteínas (iTRAQ, TMT, label free...)
- Estudos de procura de biomarcadores mediante proteómica dirixida (MRM, PRM).
- Bo nivel no manexo de programas informáticos de uso xeral (Windows, Linux...).
- Coñecementos en programas de estatística (SPSS, R, Perseus, MSstats...).
- Coñecementos en programas de análise de datos de espectrometría de masas de software libre (MaxQuant, MSFragger, Skyline...).
- Capacidade de traballo en equipo.
- Bo nivel de inglés.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	b/bvV09NSOwtGkd6u9Bb4w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	16/09/2022 10:51:39
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/b/bvV09NSOwtGkd6u9Bb4w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



c. Criterios e valoración de méritos (táboa de valoración)
IMPORTANTE: o curriculum vitae debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO
1. Formación académica	Licenciatura en Química ou Grao en Química+Máster	10 puntos	10 puntos
2. Formación complementaria	Asistencia acreditada a cursos relacionados coas técnicas proteómicas e os programas informáticos para a análise de datos proteómicos	0,3 puntos x hora	10 puntos
3. Experiencia laboral	Experiencia acreditada en actividades directamente relacionadas coas tarefas a realizar (p. ex., técnicas proteómicas, procesado e preservación de mostras biolóxicas; técnicas de illamento e cuantificación de proteínas, técnicas de cromatografía líquida e espectrometría de masas, análise de datos proteómicos)	0,25 puntos x mes traballado (os contratos públicos competitivos puntúan dobre)	50 puntos
4. Coñecemento de idiomas (inglés)	Posuír un título que acredite un nivel equivalente ou superior a B2		5 puntos
5. Entrevista persoal	Entrevista persoal aos/ás candidatos/as con maior puntuación (suma da valoración dos apartados anteriores). Valorarase a experiencia, motivación e o interese polas tarefas a desenvolver		25 puntos

NOTAS IMPORTANTES:

- Os curriculum vitae presentados noutro formato distinto ao aquí especificado poderán non ser valorados pola comisión de selección.
- Indicar no curriculum vitae, e na mesma orde en que se valorarán os méritos (ver táboa de valoración), as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a duración das mesmas. Na formación complementaria indicar necesariamente o nº de horas, de non indicarse non se valorará.
- En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.
- No caso de ser necesario poderá ser solicitada ás persoas aspirantes a documentación xustificativa de cada un dos méritos alegados no curriculum.
- Achegar certificado acreditativo do nivel de inglés no caso de ter un (non é excluínte).
- No caso de que ningunha persoa candidata teña unha puntuación superior a 60 puntos, o posto poderá quedar deserto.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	b/bvV09NSOwtGkd6u9Bb4w==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	16/09/2022 10:51:39
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/b/bvV09NSOwtGkd6u9Bb4w==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

